



*RESOLUCIÓN do 1 de agosto de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se publica a adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o próximo curso académico 2019/20 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

De acordo co establecido no artigo 37.d) da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destinos provisionais (DOG.núm.113, do 14 de xuño) e o punto sexto da Resolución do 21 de xuño de 2019 (DOG núm. 120, do 26 de xuño), a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar definitivamente os destinos provisionais obtidos polos/as mestres/as concursantes para o curso académico 2019/20.

Segundo. Publicar a resolución da adxudicación definitiva dos destinos provisionais obtidos polos/as mestres/as concursantes para o curso académico 2019/20 no portal da internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>.

A adxudicación definitiva terá efectividade do día seguinte ao da súa publicación no portal da internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>.

Terceiro. As persoas adxudicatarias destes destinos provisionais tomarán posesión no centro educativo con efectos do día 1 de setembro de 2019.

Cuarto. Os nomeamentos serán remitidos ao seu enderezo de correo electrónico.

Quinto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
Por suplencia (Resolución do 30.07.2019)  
Jesús Oitavén Barcala  
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación,  
Universidade e Formación Profesional

